



CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO PARA O INGRESO, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE E DE PROMOCIÓN INTERNA, NO CORPO SUPERIOR DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SUBGRUPO A1, ESCALA SUPERIOR DE ORIENTACIÓN LABORAL

En sesión que tivo lugar o 28 de outubro de 2024, o tribunal nomeado por Resolución de 30 de setembro de 2024 (DOG núm.191 do 3/10/2024) polo que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre e de promoción interna, no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de orientación laboral, acordou establecer os criterios de corrección, valoración e superación do primeiro exercicio do proceso selectivo, de conformidade coa base II.1.1.1 da convocatoria.

1. CUESTIÓNS XERAIS SOBRE A PROBA

O primeiro exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cento oitenta (180) preguntas tipo test, relacionado co anexo I do programa publicado na convocatoria.

O exercicio dividirase en dúas partes:

A primeira parte consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de cento corenta (140) preguntas, das que corenta (40) preguntas se corresponden coa parte común do programa e cen (100) preguntas coa parte específica.

O exercicio disporá de oito (8) preguntas de reserva, das que seis (6) serán da parte específica do programa.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha delas será a correcta.

As persoas aspirantes da quenda de promoción interna estarán exentas de contestar as preguntas de contido teórico sobre a parte común do programa, polo que contestarán unicamente ás preguntas de contido teórico sobre a parte específica e as correspondentes preguntas de reserva.

A segunda parte consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de contido práctico de corenta (40) preguntas da parte específica do programa, sobre un ou varios textos propostos polo tribunal.

O exercicio disporá de catro (4) preguntas de reserva.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha delas será a correcta.

As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

O tempo máximo de duración deste exercicio será de dous centos corenta (240) minutos.



2. DETERMINACIÓN DA SUPERACIÓN DA PROBA E DO NÚMERO DE APROBADOS

As regras de puntuación serán as seguintes:

- a) Cada resposta correcta equivale a unha unidade de puntuación.
- b) Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta
- c) As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación

No acceso libre, superarán o exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións ata completar o número máximo de persoas aspirantes determinado polo resultado de multiplicar por catro (4) o número de prazas convocadas nesta quenda, sempre que acaden o mínimo do 50 %, en cada unha das dúas partes, das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

Subsidiariamente, de darse o caso de que o número de aspirantes que superasen este exercicio non sexa o previsto no parágrafo anterior, superarán o exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións ata completar o número máximo de persoas aspirantes determinado polo resultado de multiplicar por catro (4) o número de prazas convocadas non cubertas conforme ao previsto no parágrafo anterior, sempre que acaden, en cada unha das partes, o mínimo do 40 % das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

No acceso pola quenda de promoción interna superarán o exercicio as persoas aspirantes que acaden o mínimo do 50 % das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes, cun máximo de tres (3) persoas aspirantes.

Subsidiariamente, de darse o caso de que o número de aspirantes que superasen este exercicio non sexa o previsto no parágrafo anterior (tres aspirantes), rebaixarase ao mínimo do 40 %, en cada unha das partes, das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes, cun máximo de tres (3) persoas aspirantes.

Para os efectos do previsto nos dous parágrafos anteriores, no que se refire ao número máximo de prazas convocadas pola quenda de acceso libre, terase en conta que as prazas non cubertas pola quenda de promoción interna acumularanse ás prazas convocadas pola quenda de acceso libre.

En calquera caso, lémbrese que soamente superarán o proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que acaden as mellores puntuacións ata completar o número máximo de prazas convocadas, sempre que cumpran as condicións previstas nos parágrafos anteriores.

Todas as persoas aspirantes, en ambas quendas, con idéntica puntuación a aquela que marque a nota de corte establecida de acordo cos criterios anteriores, considéranse igualmente aprobadas aínda que supere o máximo das persoas sinaladas en cada suposto.





O exercicio cualificarase de 0 a 50 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de vinte cinco (25) puntos.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2024

Presidenta do tribunal
Antía Tuñas Caamaño

